Educación Primaria

# Primeira Lingua Estranxeira. Inglés

Programación didáctica de área
1º-2º-3º-4º-5º-6
(Nivel 2 de desenvolvemento curricular)

ÍNDICE


| | | |
|---|---|---|
| 1. | Introdución explicativa da programación de área e contextualización pedagóxica. | **PAX 5** |
| 2. | Obxectivos xerais de Educación Primaria. | **PAX 7** |
| 3. | Contribución da área de inglés ao desenvolvemento das competencias clave. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave e grao mínimo de consecución para superar a materia | **PAX 8** |
| 4. | Organización e secuenciación de contidos, criterios de avaliación e grao mínimo de consecución para superar a materia. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.<br>Px 12: curso primeiro<br>Px 18: curso segundo<br>Px 27: curso terceiro<br>Px 36: curso cuarto<br>Px 47: curso quinto<br>Px 60: curso sexto | **PAX 11** |
| 5. | Cadro de contidos e unidades didácticas | **PAX 70** |
| 6. | Concrecións metodolóxicas da materia | **PAX 76** |
| 7. | Medidas de atención á diversidade | **PAX 77** |

| | | |
|---|---|---|
| 8. | Procedementos e instrumentos de avaliación. | **PAX 79** |
| **9.** | Criterios de cualificación e promoción. | **PAX 81** |
| 10. | Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. | **PAX 93** |
| 11. | Estratexias e accións de contribución aos plans de centro: convivencia, proxecto lector, plan TIC, proxecto lingüístico. | **PAX 95** |
| 12. | Actividades complementarias e extraescolares. | **PAX 96** |
| 13. | Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente: mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora. | **PAX 99** . |

**PROFESORADO LINGUA INGLESA CEIP ESCULTOR ACUÑA. VIGO**

**CURSO 2021/2022**

- **MARÍA DOLORES GÓMEZ PÉREZ**
- **MÓNICA OTERO BOUZADA**
- **PAULA IGLESIAS FERNÁNDEZ**

ADVERTENCIA PREVIA

A necesaria referencia ao contexto Covid que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

EQUIPO DOCENTE DA ÁREA

## 1.INTRODUCIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ÁREA E CONTEXTUALIZACIÓN PEDAGÓXICA

No noso centro estamos a traballar dende hai uns anos no marco dunha educación que teña como referente pedagóxico principal as competencias, conforme coas directrices das actuais leis educativas LOE e LOMCE. Todas as programacións de área dos distintos cursos de Educación Infantil e Primaria configuran o denominado ***Proxecto de Concreción Curricular***, que non é outra cousa que a proposta educativa que xurde dende e para o noso centro integrando os referentes normativos, as indicacións da Inspección Educativa, as decisións dos órganos colexiados e unipersoais do centro e as liñas educativas do proxecto do equipo directivo.

Neste caso a programación céntrase na área de **Lingua estranxeira INGLÉS**. Para a mesma baseámonos no decreto do 9 de setembro de 2014 como base do curriculum, seguindo as indicacións da Inspección Educativa, as propostas dos nosos equipos docentes e a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e unha selección das aportacións de experiencias educativas interesantes e das editoriais, cando conveña. A nosa proposta pedagóxica trata de debuxar un mapa de relacións curriculares entre obxectivos, competencias clave, criterios de avaliación, bloques de contidos e estándares de aprendizaxe coherente cunha educación de calidade, integradora e de carácter colaborativo.

Esta programación didáctica, que se desglosa, no terceiro nivel de concreción curricular, nas correspondentes unidades didácticas, está contextualizada para toda a primaria no presente curso académico 2021-2022, e realizada polas dúas profesoras titulares de inglés do centro de modo coordinado, coa aportación este curso doutras dúas especialistas que comparten a área. Partimos da base de que a unidade de criterio e o traballo en equipo de todas as profesionais son elementos clave no desenvolvemento do curriculum vertical que pretendemos para a adquisición da primeira lingua estranxeira.

No contexto do centro para a ensinanza do inglés contamos con varios elementos condicionantes, tanto positiva como negativamente. O primeiro unha boa disposición xeral cara a materia, áxil traballo do equipo docente e medios materiais adecuados (bos espazos e algúns medios TIC). Polo contrario unha enorme rateo que na ensinanza das linguas dificulta especialmente a atención individualizada (especialmente nos bloques orais) e unha altísima concentración de casos de NEAE de diferentes espectros (alumnado hipoacúsico, TEA, síndromes varios). Así

como para o alumnado hipoacúsico o centro ten experiencias, medios e adaptacións específicas que promoven a inclusión, esta se ve comprometida na aula de inglés con moitos dos demais alumnos de NEAE, pola falta de dispoñibilidade de apoio nas horas de idioma e o elevado da rateo. Estas condicións de partida fan que os criterios de avaliación que propomos como alcanzables para os diferentes niveis son máis baixos do inicialmente esperable por nós mesmas para esta área.

Este curso o maior condicionante pedagóxico está orixinado no contexto de pandemia Covid-19 . Nos meses de marzo-xuño do 2020 a nosa actuación de cara ao alumnado foi exclusivamente telemática, o que trouxo na área de inglés varias cuestións significativas que influíron no desenvolvemento curricular:

- A falta de presencialidade limitou as nosas posibilidades de motivar ao alumnado con máis dificultades cara a materia.
- Non houbo interacción oral, aínda que si propuxemos moitas actividades speaking/listening. Isto desequilibra os diferentes skills, polo que deberemos facer unha avaliación previa de competencias máis exhaustiva se cabe que outros anos.
- Unha gran cantidade porcentual de alumnado con dificultades de conexión foi decaendo no envío de tarefas, polo que hai que retomar os curriculums en moitos casos na metade do curso anterior.

Detectamos tamén algúns condicionantes positivos nos que apoiamos a nosa programación o curso pasado e que se manteñen neste:

- Maior autonomía xeral do alumnado e boa predisposición ao inicio do curso derivado da necesidade de toda a Comunidade Educativa de retomar rutinas escolares.
- Avance significativo nas destrezas telemáticas tan importantes na ensinanza das linguas estranxeiras.
- Excelente coordinación do Claustro en torno á aula virtual do centro e adquisición dun modelo de traballo común que en caso de confinamento está afianzado.
- Mellora xeral nos recurso TIC e no banco de recursos da rede, de cara a buscar novos xeitos de ofrecer a asignatura.

Engadimos a todas estas aportacións a progresiva implantación da presencia das linguas extranxeiras no centro, como demostran as actuacións emprendidas nos últimos anos: incorporación do idioma francés como opción de primeira lingua, participación nun programa Erasmus KA! e , no presente curso escolar, inicio de catro seccións bilingües en 1º e 2º de EP. A esto se suma como recurso a dotación dun Auxiliar de Conversa americano para este curso.

Todos estes elementos conforman un contexto que farán da nosa programación para este curso un documento de referencia para todo o curso escolar. Incorporaremos este curso outros condicionantes que teñen que ver coa progresiva implantación da LOMLOE e os seus requisitos e a desexable superación do contexto de pandemia que esperamos nos permita normalizar progresivamente o contexto escolar.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

O traballo na área inglés co alumnado de Educación Primaria do noso centro contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con minusvalías.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e galega, e desenvolver hábitos de lectura.
f ) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

i ) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
l ) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
n ) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Cada un destes obxectivos, está asociado, máis especificamente, a unha o varias competencias clave, aínda que dende todas elas debemos para traballar cara o desenvolvemento de todos eles. Así mesmo, a través do deseño das Unidades Didácticas correspondentes promoveranse todos estes obxectivos.

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE INGLÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

***Comunicación lingüística***

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Na clase proporemos unha grande variedade de exercicios, actividades e contextos que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar: diálogos, pairworks, dramatizacións, cancións…
A adquisición da nova lingua irá apoiada na competencia lingüística adquirida previamente a través do galego, do castelán e no seu caso na lingua de signos, polo que o proxecto lingüístico do centro é clave neste aspecto.

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

Apoiaremos o desenvolvemento desta competencia empregando sistematicamente a habilidade de razoar, a formulación de hipóteses e a aplicación da lóxica imprescindibles nos procesos de comunicación. Contribuiremos fundamentalmente permitindo coa competencia lingüística desenvolver argumentos, formular hipóteses, facer razoamentos deductivos, predicións … As temáticas propostas como base dos procesos comunicativos terán logo en conta o coñecemento do mundo natural e a nosa interacción co mesmo.

***Competencia dixital***

O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Por elo incidiremos nesta competencia non só empregando os recursos dixitais ao noso alcance (a rede, os propios do libro de texto, os incorporados á biblioteca do centro e á aula de inglés) senón tamén propiciando que o alumnado sexa quen de escoller, organizar e devolver a información que escoita e le.

***Conciencia e expresións culturais***

O inglés será a lingua vehicular para impartir información sobre outras culturas, sociedades e valores. Ademais diversificaremos as posibilidades expresivas do alumnado que ademais da fala e da escrita incluirán a música, a plástica, a dramatización e a imaxe.

***Competencias sociais e cívicas***

En cada unha das unidades faranse actividades que fomentan o bo comportamento e respecto cara os demais así como as boas maneiras de actuar en cada lugar. Quedarán tamén reflectidos no traballo das diferentes unidades as diferencias sociais e culturais que subxacen no idioma inglés, promovendo a través do coñecemento o respecto ás mesmas. As metodoloxías de traballo na aula fomentarán habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, etc

***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A constante interacción na aula de idioma axuda ao alumnado a participar, a ter confianza en si mesmos, a ser quen de achegarse ao proceso de

aprendizaxe de modo autónomo ou a buscar a cooperación de outros cando a tarefa o requira. Para nós resulta imprescindible integrar entón no traballo cotián a autonomía, a iniciativa, o traballo en común e a confianza nun mesmo como ferramentas base para soltarse na práctica da lingua estranxeira.

***Aprender a aprender***

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é máis efectiva se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras. Tamén entra aquí en xogo a posibilidade de que o alumnado reflexione sobre o xeito de aprender unha lingua e se autoavalíe.

## APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na nosa práctica docente utilizaremos distintos recursos, instrumentos ou técnicas para avaliar o que se consideran aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave e que están presentes en todos os niveis

1. Comprensión global e de mensaxes específicas. Preténdese que o alumnado sexa capaz de obter información específica e xeral de textos escritos e orais actividades orais e escritas.
2. Producción de mensaxes orais. Evalúase a capacidade do alumnado para expresarse oralmente en situacións cotiás usando o vocabulario que coñece.
3. Producción de mensaxes escritos. Preténdese que sexan capaces de escribir mensaxes curtas e sinxelas
4. Pronunciación, ritmo, entoación. Preténdese comprobar se o alumnado asimilou o sistema fonolóxico do inglés, os seus fonemas, como o ritmo e a entoación. E tamén comprobar si son capaces de usalos e recoñecelos en diferentes contextos.
5. Asimilación de novo vocabulario. Preténdese avaliar a capacidade de aprender, comprender e utilizar vocabulario traballado na clase.
6. Traballo individual e cooperativo. Avalíase, mediante a observación do comportamento do alumnado, como realizan o seu traballo individual así como si participan nas actividades do grupo.

7. Aprender a aprender. Ofrécense estratexias de aprendizaxe para desenvolver a autonomía do alumnado, relacionadas co estudo do léxico e das estructuras lingüísticas.
8. Interés por aprender e participar. Preténdese constatar si o alumnado manifiesta interés pola súa aprendizaxe e curiosidade por coñecer cousas novas, se presta atención na clase, se fai preguntas ou se consulta dúbidas.
9. Interés por coñecer outras culturas. Móstraselle ao alumnado que é posible coñecer outras culturas a través do uso da lingua inglesa

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Adxuntamos a continuación as grellas de programación de todos os cursos da primaria. Xa que o contido do curriculum está recollido fielmente na lei reproducimos aquí o que consideramos contidos mínimos esixibles para cada curso, o que significa que na programación adxunta aparecen lixeiramente modificados tanto contidos como criterios de avaliación, de modo que ambos se adapten aos mínimos esixibles no noso centro. Introducimos asimesmo nas grellas o peso global asignado a cada bloque de contidos nos respectivos cursos, de modo que a concrección de peso para cada estándar de aprendizaxe avaliable está feita en cada bloque: a superación do 50% do peso da suma de distintos bloques supón a promoción do alumno/a. Plantexando así as grellas de programación estas serán un elemento de referencia e utilidade didáctica no día a día nas aulas de idioma.

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO PRIMEIRO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.<br>– Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).<br>– Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos paraverbais.<br>– Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.<br>– Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.<br>– Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.<br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos | B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br><br>PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.<br><br>PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.<br><br>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...). | CCL<br><br><br><br><br>CCL<br><br><br>CCL<br>CAA<br><br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira. | | | | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO PRIMEIRO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos.<br>– Usar a linguaxe non-verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>– Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).<br>– Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.<br>– Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de | B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos. | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.<br><br>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).<br><br>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.<br><br>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | CCL<br><br>CCL<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br>CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | xogos, de rutinas etc.<br>– Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).<br>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira. | | | | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO PRIMEIRO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama…).<br>– Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos e coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:<br>– Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.<br><br>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.<br><br>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.<br><br>PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando | CCL<br><br><br><br>CCL<br><br><br><br><br>CCL<br>CAA<br><br><br>CCL<br>CAA | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | | espontaneamente | | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO PRIMEIRO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:<br>Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.<br><br>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.<br><br>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.<br><br>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br><br>PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | CCL<br><br>CCL<br><br>CCL<br><br>CCL<br>CAA | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO PRIMEIRO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |

| BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ f | B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>− Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>− Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>− Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.<br><br>B5.2. Funcións comunicativas:<br>− Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais.<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos).<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días da semana e o tempo atmosférico).<br>− Expresión moi elemental da posesión.<br>− Expresión do gusto e a preferencia (favoritos).<br>− Expresión de cantidade.<br>− Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción.<br><br>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>− Preguntas e respostas sobre aspectos | B5.1. o seu uso comunicativo.<br><br>B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br><br>B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, forma e cor.<br><br>B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.<br><br>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br><br>B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br><br>B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.<br><br>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.<br><br>PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.<br><br>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.<br><br>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).<br><br>PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos)<br><br>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…)<br><br>PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That's right).<br><br>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa | CSC<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br>CSIEE<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br><br>CCL<br><br>CCL<br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What´s your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I´m not).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s).<br>– Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What´s this?, It´s my…).<br>– Expresión de posesión en primeira persoa (I´ve got) e formulación da pregunta correspondente (Have you got…?).<br>– Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa (I like).<br>– Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo e de elementos próximos a súa contorna (What´s this?, It´s…), membros da familia (Who´s this?, This is my (brother), alimentos (What´s this ?, This is).<br>_ Expresión de permiso e axuda (Can I…?).<br>– Expresión de habilidade (I can…).<br><br>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia mais próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes | do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | correctamente os nexos básicos.<br><br>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br><br>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.<br><br>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.<br><br>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. | CCL<br><br>CCL<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br>CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | do corpo, animais de compañía, días da semana e accións. | | | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO SEGUNDO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>− Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.<br>− Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con<br>axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>− Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións…).<br>− Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.<br>− Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co | B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.<br><br>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula. | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br><br>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.<br><br>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.<br><br>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…). | CCL<br>CAA<br><br>CCL<br>CAA<br><br>CCL<br>CAA<br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.<br>– Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.<br>– Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.<br><br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral. | | | | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO SEGUNDO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. | B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or). | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.<br>– Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>– Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.<br>– Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).<br>– Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.<br>– Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.<br>– Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións… que precisen de sinxelas intervencións orais.<br>– Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.<br>– Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación. | | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).<br><br>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.<br><br>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br><br>PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | CCL<br><br>CSC<br><br>CCL<br><br>CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | − Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.<br><br>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral | | | | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO SEGUNDO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>− Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.<br>− Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas…) co apoio das ilustracións correspondentes.<br>− Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.<br><br>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto. | PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.<br><br>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.<br><br>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do | CCL<br><br>CCL<br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br><br>B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>– Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.<br>– Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | | mesmo e das imaxes que o ilustran.<br><br>PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | <br><br>CAA | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO SEGUNDO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ F<br>▪ i | B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral… próximos a súa idade.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade | B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.<br><br>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura | CCL<br><br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | axustándose aos modelos.<br>– Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.<br>– Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.<br>– Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.<br><br>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>– Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | | gramatical máis sinxela.<br><br>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br><br>PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).<br><br>PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | CCL<br>CAA<br><br>CCL<br>CAA<br><br>CCL | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO SEGUNDO | | |
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL. | | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a | B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.<br><br>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.<br><br>PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas | CCL<br>CAA<br>CSC<br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br><br>B5.2. Funcións comunicativas:<br>- Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida...<br>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.<br>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>- Identificación e seguimento de instrucións.<br>- Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>- Identificación das partes do corpo e da cara.<br>- Identificación dos membros da familia próximos.<br>- Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa. | uso comunicativo.<br><br>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br><br>B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br><br>B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.<br><br>B5.6. Comprender e expresar a posesión.<br><br>B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.<br><br>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br><br>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br><br>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e, ou", adecuándoas aos propósitos comunicativos. | básicas de relación social.<br><br>PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.<br><br>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).<br><br>PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.<br><br>PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.<br><br>PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.<br><br>PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.<br><br>PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | CSC<br><br>CCL<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br><br>CSC<br><br>CCL<br><br>CCL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | – Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>– Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>– Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.<br><br>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>– Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in).<br>– Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>– Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)…).<br>– Expresión de posesión en primeira persoa (I´ve got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>– Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don´t | B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.<br><br>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.<br><br>B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.<br><br>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.<br><br>B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br><br>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.<br><br>PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións<br><br>PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…).<br><br>PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.<br><br>PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.<br><br>PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL<br>CSC<br><br>CCL<br><br>CSC<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CCL<br><br>CCL<br><br>CAA | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | like (chips)).<br>– Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What´s this?, It´s…), membros da familia (Who´s this ?, This is my (brother), alimentos (What´s this?, This is).<br>– Identificación das pezas de roupa (I´m wearing).<br>– Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can´t).<br>– Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I…?).<br>– Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not).<br><br>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números, materiais escolares, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa. | | | CSC | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO TERCEIRO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxc | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | Comp CLA | ANOTACIÓNS E REXISTROS |
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS. | | | | | |
Nese sentido deixaremos que os textos do alumnado propoñan parte das temáticas, o groso do vocabulario e gramática novos e algunhas das cancións imprescindibles para a memorización e a perda da timidez que esixe a práctica da lingua allea. Os textos axudarannos tamén a acotar a lingua que precisaremos para signarlle ao alumnado hipoacúsico. Neste ámbito traballamos en colaboración estreita co profesorado de lingua de signos e coas intérpretes de LSE, entendendo que a cinestesia axuda coa linguaxe corporal a absorber e reter a información aportada, polo que a dramatización será metodoloxicamente imprescindible.

**<u>CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS: FORMA PRESENCIAL E NON PRESENCIAL</u>**

Debido á situación excepcional do Covid tivemos que afrontar recentemente o reto dunha educación non presencial. Isto obrigounos a establecer hábitos e rutinas de traballo non presencial desde a casa. Se isto volvese a ocurrir traballaremos de xeito telemático; dedicaremos as actividades a repaso de vocabulario e estructuras básicas adquiridas a partir de propostas de contos, cancións que resulten motivadoras e lles inviten a non abandonar o contacto coa lingua.
Nos niveis máis baixos somos conscientes de que así non se pode traballar unha lingua estranxeira baseada no seu aspecto comunicativo a nivel oral, que é como está contemplada no currículo pero trataremos de elaborar propostas de traballo cun Symbaloo de recursos dende o que lles proporemos contos, cancións, xogos, apps, readers,... de modo que de repetirse o confinamento as familias dispoñan dun recurso para ter acceso ao inglés de modo seleccionado.
Preocúpanos moito máis a porcentaxe de alumnado que ou por problemas de conexión, ou por falta de autonomía ou por falta de apoio familiar non poidese facer o seguemento semanal. Isto supón facer unha análise importante e dicir que esa brecha dixital existe e que ademais,

coma sempre, sofren esas desigualdades o alumnado que máis atraso a nivel competencial ten. Sabemos que as desigualdades xeradas serán maiores e máis profundas, polo que coordinadamente teremos que plantexar como atallar este problema.
Este curso contamos tamén coas licenzas dixitais que nos proporcionan as editoriais e  podemos axudarnos de distintas plataformas como a nosa aula virtual e google classroom.

## 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**ESTRUCTURA BASE DAS SESIÓNS**

- **Actividades de inicio da clase**

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballarou de repasar os xatraballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, posters, cancións, etc.

- **De desenvolvemento da lección**

As unidades inclúen diferentes tipos de actividades e exercicios que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa.
Estas actividades son:

- Cancións (*songs)* e xogos *(games).*
- Actividades de lecto-escritura (*pencil activities in theClass Book*).
- Historias (*stories*).
- *Cut-outs.*
- Actividades de pronunciación (*pronunciation activities).*

- Actividades intercurriculares (*cross-curricular activities*).

- **De reforzo e ampliación**

Partimos do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que perseguemos o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordó ao seu nivel de capacidade e interese.
A diversidade de exercicios, actividades e tarefas propostos posibilita que todos os alumnos/ás poidan encontrar algún que estea de acordó co seu estilo, ritmo de aprendizaxe e intelixencias múltiples.
Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

**ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA AULA**

Segundo as actividades a realizar, traballaremos con distintos modelos de agrupamento: normalmente o faremos por parellas, pequeno e en gran grupo. Nos listenings e nalgunhas actividades concretas farémolo individualmente e en modelos de traballo cooperativo.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.
b) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumnado con hipoacusia, autismo, síndromes diversos, transtornos madurativos, disfasias, dislalias... tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Cos alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Á hora de avaliar a este alumnado teremos en conta todas estas dificultades. Debemos subliñar que o número de alumnos con estas características é tan elevado que a súa escolarización óptima requeriría de apoios nas clases de idioma ou de desdobres que permitisen a todos un mellor aproveitamento das clases.

## 8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As actividades de avaliación imos clasificalas en dous niveis:

**Actividades de avaliación formativa**, onde avaliaremos o traballo continuado dos alumnos e mediremos o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como exercicios diarios de *writing and listening (nos textos e activity books)*,historias de repaso, cadernos e fichas de traballo individuais, pequenas tarefas e proxectos avaliados con diferentes instrumentos,...

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización de diversas actividades de avaliación ao final de cada unidade e trimestre e que atendan ás diferentes destrezas (tests individuais que incorporen ás catro destrezas ) funtamentalmente a partir do 3º nivel .

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E NO PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA:**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Inglés no 1º e 2º nivel de primaria valorarán os seguintes aspectos, utilizando como instrumento de avaliación fundamental a observación directa do alumnado e sen perder de vista as porcentaxes que aparecen no apartado anterior nos diferentes bloques de secuenciación de contidos:

- Manter unha actitude positiva de cara ó aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Respectar e valorar unha cultura distinta da propia.
- Amosar unha boa capacidade de traballo, respectando as normas da aula así como tamén aos demais compañeiros/as.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) NO TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO NIVEL DE PRIMARIA**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Inglés no terceiro, cuarto, quinto e sexto nivel serán os que figuran en cada un dos bloques no apartado de organización e secuenciación de contidos

Algúns instrumentos que empregaremos ao longo do curso son:

- Observación sistemática das actividades dos alumnos e análise das producións dos alumnos:
- Exercicios que traballen os alumnos sobre os estándares definidos na unidade.
- As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: poden variar entre exercicios, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, internet e outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.
- Elaboración de mapas conceptuais.
- Tarefas e actividades que representen aquilo que aprenderon.
- Portfolios educativos

- Escalas de estimación e rúbricas avaliativas.
- Intercambios orais cos alumnos:
  - Preguntas formuladas pola profesora na aula.
  - Exposición de temas e proxectos.
- Probas específicas:
  - Obxectivas que recollan os estándares de aprendizaxe.
  - Resolución de exercicios.
  - Produtos finais derivados de tarefas
- Autoavaliación.
- Coavaliación.
- Avaliación do desempeño.

## 9.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Con obxecto de facilitar a avaliación e definir parámetros que obxectiven no posible a mesma, e para poder tamén acotar un marco de competencias nesta area que facilite a avaliación do alumnado con NEE acordamos recoller neste epígrafe os CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN de cada nivel. Deste xeito procedemos a especificalos no Bloque 5, xa que entendemos que é o que recolle as funcións comunicativas básicas e en certo modo engloba aos outros catro bloques.

**1º NIVEL**

B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos
B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses

**2º NIVEL**

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.
B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

**3º NIVEL**

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión,número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico
B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.

**4º NIVEL**

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.

B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.
B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta
B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.
B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a capacidade entre outras.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
B5.13. Recoñecer unrepertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.

**5º NIVEL**

B5.1 Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, apariencia física, afeccións… en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
B5.5. Expresarse en tempo presente afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa…
B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer…
B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.
B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.
B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

B5.13. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

**6º NIVEL**
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.
B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).
B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.
B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.
B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.
B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.

No currículo base para a nosa Comunidade Autónoma non se concretan os obxectivos de área senón soamente os obxectivos de etapa educativa. Na LOE si figuran estes obxectivos por áreas. O noso equipo docente co fin de artellar mellor o mapa curricular do noso proxecto educativo, establece unhas serie de referentes básicos, entendidos coma obxectivos, e moi relacionados cos criterios de avaliación que guiarán a elaboración das unidades didácticas da nosa programación.

**PRIMEIRO NIVEL**

- Comprender a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados con apoios visuais moi redundantes que axuden a comprensión.
- Comprender preguntas moi básicas sobre si mesmos ou sobre outras persoas.
- Ser capaz de facer presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmos cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Ser capaz de amosar unha actitude de escoita atenta.
- Ser capaz de identificar aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- Participar voluntariamente nas actividades de aula e amosar curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.

**SEGUNDO NIVEL**

- Comprender a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados con apoios visuais moi redundantes que axuden a comprensión.
- Comprender preguntas moi básicas sobre si mesmos ou sobre outras persoas.
- Ser capaz de facer presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmos cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Ser capaz de amosar unha actitude de escoita atenta

- Ser capaz de reproducir comprensiblemente textos orais sinxelos e breves aprendidos a través de xogos.
- Ser capaz de manter unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Comprender a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
- Ser capaz de escribir palabras relacionadas coa súa imaxe e coa súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- Ser capaz de identificar aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente
- Participar voluntariamente nas actividades de aula e amosar curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.
- Ser capaz de comprender e usar adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula.

**TERCEIRO NIVEL**

- Comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
- Ser capaz de entender o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas(instrucións, indicacións, peticións, avisos…)
- Ser capaz de facer presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Amosar interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as
- Amosar interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
- Ser capaz de identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral
- Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos .
- Ser capaz de escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación
- Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.
- Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

- Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.
- Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.

**CUARTO NIVEL**

- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.
- Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).
- Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.
- comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

- Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións
- Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.
- Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.
- Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.
- Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).
- Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).

- Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade

**QUINTO NIVEL**

- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.
- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).
- Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións

- Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
- Obter e dar información persoal máis detallada, apariencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Expresarse en tempo presente.
- Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...
- Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.
- Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.
- Expresa e comprende indicacións e ordes.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

- Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias

**SEXTO NIVEL**

- Comprender a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
- Comprender as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese ( por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
- Ser capaz de facer presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese.
- Ser capaz de presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día.
- Describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese( o seu grupo de música preferido).
- Ser capaz de dicir o que lle gusta e o que non lle gusta e dar a súa opinión usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
- Comprender instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
- Ser capaz de comprender información esencial e localizar información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.
- Comprender correspondencia sinxela e breve que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.
- Ser capaz de completar un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais( por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.)

- Ser capaz de escribir correspondencia persoal breve e simple na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo ou da súa contorna inmediata e fai preguntas relativas a estes temas.
- Poder manter conversas cara a cara ou por medios técnicos nas que se establece contacto social , se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións.
- Ser capaz de comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

**Polo tanto, despois do exposto acordamos establecer as seguintes porcentaxes de cara a promoción ou non do alumnado**

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E NO PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA:**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Inglés na etapa de Educación Infantil e no 1º e 2º nivel de primaria valorarán os seguintes aspectos, partindo sempre da observación directa do alumnado:

- Manter unha actitude positiva de cara ó aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Respectar e valorar unha cultura distinta da propia.
- Amosar unha boa capacidade de traballo, respectando as normas da aula así como tamén aos demais compañeiros/as.

Os criterios de avaliación quedan reflectidos por tanto coa seguinte porcentaxe:

- Logro académico global : 60% da cualificación final
- Participación diaria na construción de aprendizaxes: 40% da cualificación final

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) NO TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO NIVEIS DE PRIMARIA**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Inglés no terceiro, cuarto, quinto e sexto nivel serán os seguintes:

- Un 70% da cualificación final no que se fará fincapé no logro académico global.
- Un 30% dirixido á participación diaria na construción das aprendizaxes.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

A avaliación inicial de cada aula facilítase moito no noso centro coa continuidade didáctica que permite o acordo de reparto das aulas dentro da especialidade. Según este cada titular das plazas de inglés colle un grupo en primeiro e continúa co mesmo ata o remate da escolarización primaria, co que o coñecemento do alumnado, da adquisición de destrezas, os seus coñecementos previos e competencias estará baseado na meirande parte dos casos na avaliación final anterior. Ao longo da segunda quincena do mes de Setembro realizarase a avaliación do alumnado e do grupo co obxecto de recoller información precisa a nivel cognitivo, social, emocional e familiar do alumnado en particular e do grupo-clase en xeral

Esta avaliación diagnóstica utilizará os seguintes instrumentos avaliativos:

| INSTRUMENTO AVALIATIVO | OBXECTIVO |
|---|---|
| Informes escolares individualizados de cursos anteriores | Recoller información académica e de rendemento educativo |
| Entrevistas do alumnado | Recoller información persoal do alumnado: axenda semanal, preferencias escolares, obxectivos persoais, dificultades, compromisos. |
| Probas orais de competencias | Valoración dos recursos expresivos e coñecementos previos |
| Probas escritas sobre os contidos da área segundo modelos de avaliación competencial | Valoración do nivel e logro na área |

As aprendizaxes do alumnado deben ser evaluadas sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñocementos y competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos si a situación o require.

Si partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar si o alumnado as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumnado se sirva de esa bagaxe acumulada (todo tipo de contenidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. A evaluación por competencias permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da área, como o grado de adquisición das Competencias clave.

A avaliación inicial realizarase durante o primeiro mes do curso escolar, y terá en conta:
A análise dos informes personais da etapa ou curso anterior

Outros datos obtidos sobre o punto de partida desde o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes. Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente de lingua inglesa para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. O equipo docente de lingua inglesa, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para isto, iniciaremos o traballo coa unidade "0" que proporcionará a documentación necesaria para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. De igual modo se dispondrá de actividades suficientes e dun instrumento de avaliación que nos permita coñecer realmente as destrezas e coñecementos con que contan os alumnos e alumnas, a fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo como individuais para cada alumno ou alumna.

Utilizaremos como técnicas de avaliación inicial as seguintes:

: As técnicas de observación, que avaliarán a implicación do alumnado no traballo cooperativo, expresión oral e escrita, as actitudes personais e relacionadas e os coñecementos, habilidades e destrezas relacionadas coa área de lingua inglesa

. As técnicas de medición, a través dalgunha proba escrita e oral, informes, traballos ou dossier, cuaderno do alumnado, presentacións seguimento,..

As técnicas de autoavaliación, favorecendo a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas.

Dado que este curso foi un pouco atípico por mor da pandemia, será necesario partir dunha avaliación inicial moito máis exhaustiva e flexible ao mesmo tempo. Está claro que hai moitos contidos que quedaron sen traballar o curso pasado polo que partiremos na área de lingua inglesa dunha situación moi inicial facendo fincapé no asentamento dunha boa base lingüística para poder despois traballar os contidos que non se poideron traballar o curso pasado. De tódolos xeitos, é importante engadir que os aspectos gramaticais vólvense repetir en cada nivel polo que consideramos que non nos debe preocupar tanto o contido como as función comunicativas que en cada nivel estarán garantidas.

## 11. ESTRATEXIAS E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: CONVIVENCIA, PROXECTO LECTOR, PLAN TIC, PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende hai xa uns cursos e tralo desenvolvemento normativo dos proxectos de centro, no CEIP Escultor Acuña planificamos dende a Programación Xeral Anual (PXA) os criterios,as estratexias e as actividades para desenvolver en cada curso os plans de centro determinados pola normativa educativa e outros que xorden das necesidades e inquedanzas da nosa comunidade educativa. Expoñemos aquí o traballo a desenvolver nestes plans dende a área de inglés para os cursos de Primaria.

| PLANS E PROXECTOS | ESTRATEXIAS/ACTIVIDADES |
|---|---|
| CONVIVENCIA | ● Participación do alumnado nas distintas actividades programadas para potenciar as actitudes positivas<br>● Implicación de todo o alumnado, familias e profesorado para fomentar a tolerancia, o respecto e a solidariedade.<br>● Para acadar estes obxectivos, a ensinanza do inglés basearase no traballo en equipo, en xogos cooperativos e en postas en común.<br>● Traballar a educación en valores integrada na aula con elementos emocionais como os seguintes:<br><br>*Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.*<br>*Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.*<br>*Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.*<br>*Desenvolver hábitos de comportamento responsables.*<br>*Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.*<br>*Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio.* |

| | |
|---|---|
| TIC | • Proxector, o ordenador e os altofalantes forman un combo moi potente e útil para mostrar contidos audiovisuais aos alumnos e para levar a cabo actividades de comprensión, produción e xogos.<br>• Na aula de inglés, o emprego destas tablets integrarase progresivamente no dia a dia das clases e no funcionamento das actividades educativas.<br>• Por último, o emprego de internet e dos blogs será tamén moi importante no desenrolo do curso, como medio de comunicación, de busca de información e recursos e como plataforma para expresarse. |
| PROXECTO LINGÜÍSTICO | • A materia de inglés impártese en inglés na medida do posible, e é, por razóns obvias, a que menos contribúe ao fomento do galego.<br>• Aínda así, fomentarase o respecto por outras linguase compararase a cultura anglosaxoa coa propia cultura galega, comentando as semellanzas e diferenzas entre ambas e a necesidade de manter una mente aberta cara a todas elas. |
| PROXECTO LECTOR | • Integración da lectura de contos, noticias e outros tipos de textos na maioría das actividades realizadas na aula, ben sexa en tarefas de comprensión, ou de creación do propio alumnado.<br>• Ademais, fomentarase o gusto pola lectura con debates sobre gustos literarios, contacontos en idioma e participando nas actividades que se proponen dende a biblioteca do centro (obradoiros, exposicións, PDI,...) |
| PROXECTO DO PORTFOLIO | • Signar en LSE algunha canción todos os cursos para identificar signos |

| | |
|---|---|
| EUROPEO EN LSE E INTERNACIONALIZACIÓN-ERASMUS | ● Participar no Proxecto de desenrolo europeo que o centro presenta a Erasmus, posibilitando tanto a implementación de e-Twinning como o resto de obxectivos de internacionalización propostos para o próximo bienio.<br>● Comezo este curso das sección bilingües no 1º e 2º niveis de Primaria na área de plástica: coordinación por parte do departamento de Linguas Estranxeiras, integración do Auxiliar de Conversa e avaliación do recurso. |

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dende a área de inglés sempre participamos nas distintas conmemoracións que teñen que ver coa cultura inglesa e que enumeramos a continuación:

***Hallowe'en***

- Traballamos na aula aspectos relacionados con esta festa e como se desenvolve nos países de fala inglesa: xogos, comidas típicas, costumes propias da festa...

***Christmas***

- Traballos individuais a nivel de cada clase
- Costumes propios desta festa nos países de fala inglesa
- Intercambio de postais con outros países da Unión Europea dentro de Programa ERASMUS

***Peace day***

- Actividades individuais por titoría e simboloxía propia

***PDI anual que é elixido polo centro cada ano***

- Proxecto grupal sobre temas diversos nos distintos ciclos.

***ENGLISH THEATRE: THEATRE4SCHOOLS***

- Traballamos nas aulas de infantil, e en todas as aulas de primaria, actividades e cancións da obra que cada ano veñen representar ao nosos centro por parte da compañía Theatre4schools. Non temos pola situación de pandemia a seguridade de que poidamos levar adiante esta actividade no presente curso.

Neste curso 2021-22 as actividades serán moi diferentes debido á situación COVID que estamos a vivir. Suspéndense todas as actividades grupais de festa pero potenciaranse a través da nosa aula virtual en colaboración coa comisión TIC do centro.

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Con este apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso ao rematar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Ditas preguntas están orientadas a avaliar e revisar diferentes niveis do proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- PLANIFICACIÓN
- DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DOCENTE
- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE
- PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE DO CENTRO E COLABORACIÓN DA ÁREA Á CONSECUCIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DA ESCOLA
- COLABORACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto que se realizará ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte rexistro.

| ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR | O QUE HAI QUE DESTACAR... | O QUE HAI QUE MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos na unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Uso social das aprendizaxes | | | |
| Porcentaxe de alumnado que consigue o desenvolvemento básico das competencias clave da unidade | | | |
| Recursos | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | |
| Coordinación co equipo docente | | | |
| Identificación de medidas complementarias que poidan mellorar o plurilingüismo no centro | | | |
| Adaptacións realizadas para o contexto Covid | | | |
| Colaboración das familias | | | |